

A arte e o neno

Un xogo de sorpresas
do belga Josse Goffin

Ah! · Josse Goffin ·
Kalandraka, 2007 ·
52 páx · 12 euros



Ah! e o seu compañeiro *Oh!* son dous álbums sen texto que se estruturan ambos en base a unha mesma motivación para o lector: as follas despregábeis que dan lugar a novas imaxes nun xogo de sorpresas continuas que no caso de *Ah!* faise máis ambicioso e con meirande desexo de ser instrumento da formación do lector.

Da autoría do belga Josse Goffin, o libro aproveita o deseño para xogar cos equívocos e, así unha zoca faise automóbil ao despregar a folla, pero o coche leva enriba a Victoria de Samotracia; a pasta de dentes faise rabo do can que olla a Monna Lisa ou un corazón será un cazador de bolboretas que atrapa a Venus de Milo. Do mesmo xeito que o texto nos libros para nenos contribúe á formación literaria do lector ou lectora, a ilustración haberá de facelo á súa formación artística e *Ah!* é unha moi boa contribución á creación dunha futura relación feliz do neno coa arte.

// X. P. D.